Respecto á poboación xuvenil, sinalar que moitas mozas e mozos están a dar prioridade a súa formación. Sirva de exemplo que o 92,76% das persoas inactivas entre 16 e 24 anos da provincia de Pontevedra mencionan que están fora da activade laboral por ser estudantes. Trátase, unha vez máis, da maior porcentaxe dos últimos anos para un primeiro trimestre, circunstancia que se repite entre as persoas inactivas de 25 a 34 anos (máis de metade son estudantes).

Polo tanto, a recuperación da economía galega está a ter o seu reflexo na mellora do mercado laboral e os esforzos da Xunta seguen no obxectivo de que esta tendencia se consolide coa creación de máis empregos e de máis calidade no conxunto da comunidade galega. Esta é a finalidade da Axenda 2020 para o Emprego e do resto de planificacións deseñadas pola Administración autonómica para dinamizar o tecido empresarial e avanzar nun modelo produtivo baseado no desenvolvemento tecnolóxico, na innovación e no capital humano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25906**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da baixada nun 0,7% da taxa de actividade na provincia de Pontevedra, no cuarto trimestre de 2017”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A evolución da poboación activa está relacionada co declive demográfico que se está a vivir na nosa comunidade, ao igual que no conxunto do Estado español e da Unión Europea. Serva de exemplo que o índice de envellecemento en Galicia é de 192,53, é dicir, hai case 193 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores.

Esta situación ten motivado a posta en marcha de medidas concretas por parte da Xunta como o Programa de Apoio á Natalidade a finais de 2015 para apoiar dun xeito integral ás familias galegas que decidan ter fillos, ou como a Estratexia Retorna 2020, aprobada máis recentemente para favorecer que a comunidade galega no estranxeiro atopen en Galicia unha oportunidade para a realización dos seus proxectos vitais e profesionais.

De todos os xeitos, se nos centramos na poboación de 16 a 64 anos, que é o intervalo onde se concentra a gran maioría das persoas traballadoras, obsérvase que a súa taxa de actividade na provincia de Pontevedra acada o 71,39% no primeiro trimestre de 2018, situándose, polo tanto, preto da media para os tres primeiros meses de cada ano segundo a serie publicada polo Instituto Galego de Estatística sobre a Enquisa de Poboación Activa nestes momentos.

A situación do colectivo feminino resulta máis positiva, especialmente neste grupo de idade, pois a taxa de actividade das mulleres de 16 a 64 anos na provincia é a maior rexistrada nun primeiro trimestre desde 2010, sendo ademais case dous puntos superior á media deste período.



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/05/2018 13:53:57



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25986**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“a posibilidade de garantía polo Goberno galego do cumprimento dos criterios legais, estatutarios e procedimentais axeitados nos novos plans de explotación aprobados polas confrarías de Galicia, o coñecemento das dificultades que ocasiona a aprobación do novo plan de explotación do percebe na confraría A Anunciada de Baiona e as súas razóns para validar o seu procedemento de aprobación”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 16.03.2018- ao darlle resposta á pregunta 23308 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/05/2018 17:29:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26129**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao proxecto de dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra, e as previsións do Goberno galego respecto da súa licitación, financiamento e execución dos traballos”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.03.2018- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 26127 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:15:02



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26943**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á inauguración das obras de ampliación da Ponte de Rande antes do seu remate e a planificación, coordinación e información que están a desenvolver a empresa concesionaria e a UTE encargada das obras, así como as xestións levadas a cabo diante do Ministerio de Fomento en relación coas queixas formuladas respecto da execución dos traballos de ampliación da ponte”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 26945, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 22 e 23 de maio, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/05/2018 9:08:51



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **26963**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre “**a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da demora rexistrada na recepción polo alumnado do material necesario para o desenvolvemento do proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) no curso 2017-2018, a súa opinión en relación coa incidencia da súa aplicación práctica no fomento da confianza da comunidade educativa nese proxecto e o número de centros que renunciaron á súa participación nel dende a súa posta en marcha no curso 2014-2015, así como as medidas previstas para incrementar a súa participación**”, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 24.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 26961 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/05/2018 9:55:54



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27389**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de influencia que pretende a Consellería de Sanidade na actualización da normativa vixente sobre o xogo en Galicia, a súa opinión referida ás accións que se deben considerar na vindeira lei e os criterios pedagóxicos que debe fomentar para mellorar a prevención de condutas aditivas, así como a súa valoración respecto da atención asistencial posta a disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo principal da Consellería de Sanidade é facer efectivo o dereito constitucional á protección da saúde no marco das competencias que lle atribúe o artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia. Ademais, tal e como establece a recomendación da Comisión Europea do 14.07.2014 sobre este tema (recomendación 2014/478/UE), deben promulgarse medidas de protección dos consumidores, os usuarios e os menores, mediante a adopción de principios aplicables aos servizos de xogo en liña e a comunicación comercial responsable destes servizos, co fin de preservar a saúde de aqueles e minimizar o posible prexuízo económico que puidera derivarse do xogo compulsivo ou excesivo. Así mesmo, é unha temática recollida tanto na Estratexia nacional de adiccións 2017-24 como no borrador da Estratexia galega de adiccións (actualmente en redacción).

A administración autonómica leva xa varios anos loitando contra o xogo patolóxico e os problemas derivados do uso de internet e as TIC. De feito, os equipos preventivos financiados pola Consellería de Sanidade (tanto en entidades locais como sen ánimo de lucro) xa están a desenvolver actividades preventivas neste tema, cunha demanda por parte de escolas e familias que está a crecer rapidamente. Non obstante, a modificación da lei de xogo, xunto coa actualización da Estratexia galega de adiccións e da Carteira de servizos en materia de prevención das condutas aditivas dotarán de máis ferramentas a estes equipos para traballar de xeito efectivo.

A normativa debe incluír a definición e os instrumentos e procedementos de monitorización epidemiolóxica que permitan coñecer o problema, as tendencias e a súa evolución para, de acordo coa información obtida, arbitrar medidas correctoras efectivas.

Estes aspectos xa se estudan na actualidade en diversos sistemas de información, tanto estatais (ESTUDES) como autonómicos (SICRI).

As medidas educativas conformarán un apartado fundamental no novo desenvolvemento normativo.

Outro apartado clave será o das medidas regulatorias que, desde o paradigma da prevención ambiental, irán destinadas a modificar o entorno físico e social de xeito que sexa máis sinxelo desenvolver patróns de xogo saudables.

As formulacións concretas que se incorporarán á Carteira de servizos en materia de prevención das condutas aditivas serán elixidas no seno dun grupo de traballo que se convocará unha vez aprobada a nova Estratexia galega de adiccións.

Nos orzamentos da nosa comunidade autónoma existe un incremento da dotación económica destinada a financiación de programas de atención as condutas aditivas. Isto supón un incremento a partir de fondos propios do 3% para o financiamento de programas de intervención sanitaria e de prevención de recaídas realizados no ámbito ambulatorio, e do 5 % do orzamento adicado a programas de intervención en comunidades terapéuticas. En 2018 se prevén manter todas as liñas de financiación dos anos previos. Ademais existe unha dotación orzamentaria que ascende a 450.000 euros a partires de fondos estatais que se destinará a programas de intervención e prevención no ámbito das adiccións e as súas complicacións físicas e psicolóxicas, para programas a desenvolver no ano 2019.

O último Plan de Trastornos Aditivos recollía dentro dos seus obxectivos xerais reducir a prevalencia das adiccións sociais e condutas relacionadas a través duns obxectivos específicos: fomentar o recoñecemento da adicción ao xogo por parte de quen a padece e o seu contorno familiar e sensibilizar a sociedade dos riscos que entraña o uso inadecuado das novas tecnoloxías da información e a comunicación, propiciando un uso controlado destas.

A Consellería de Sanidade traballa na mellora da asistencia ás persoas con estas problemáticas. Isto implica tanto melloras na detección precoz deste problema, como a universalización da súa atención sanitaria.



As persoas que presentan esta patoloxía son atendidas, de xeito acorde co establecido no Real decreto 1030/2006 polo que se establece o catálogo de servizo s comúns do sistema nacional de saúde, no ámbito de atención primaria e de atención especializada en saúde mental.

O SERGAS ven programando dentro do Plan Anual de Formación da Axencia de Coñecemento en Saúde dende o ano 2016 un curso dirixido a profesionais da rede de atención aos trastornos aditivos e do SERGAS, para a identificación dos trastornos de conduta emerxentes en poboación infanto xuvenil. Entre os temas a tratar están os seguintes:

- Adicións tecnolóxicas. O uso problemático de Internet. Ferramentas e detección para un diagnóstico precoz.
- Programas preventivos para a adicción ao xogo.
- O acoso escolar e as condutas parasuicidas como demanda de asistencia. Como intervir de xeito coordinado. O papel da familia e da escola.
- Novos perfís no consumo de sustancias psicoactivas. Estratexias de prevención.

Para finalizar subliñar que a Consellería de Sanidade está a traballar no novo Plan de atención aos trastornos aditivos de Galicia, sendo a mellora da atención ao xogo patolóxico un dos retos a acadar nos vindeiros anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 18:08:53



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28328**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións de Portos de Galicia referidas á realización das actuacións precisas para solucionar a situación de deterioro que presenta o peirao de Corrubedo, no concello de Ribeira”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 27.04.2018 ao darlle resposta á pregunta 28326 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:10:05



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28339**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de portos e lonxas de interese xeral, a súa opinión referida ás medidas adoptadas de xeito unilateral polo Autoridade Portuaria de Vigo para a loita contra o fraude e a venda ilegal de peixe, así como a súa posible incidencia no arranxo dos problemas do sector”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 28390 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:14:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28663**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á xestión levada a cabo nos últimos anos cos helicópteros Pesca I e Pesca II, a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo pola empresa adxudicataria coas mesmas aeronaves vendidas pola Xunta de Galicia no ano 2012 e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do cumprimento das condicións técnicas necesarias para ese fin”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 8.05.2018- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 28662 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:09:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29010**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela e, sobre **“as medidas concretas previstas polo Goberno galego para o recoñecemento do traballo da muller no mar, a realización dalgunha xestión diante do Goberno central para a aplicación dun coeficiente redutor da idade de xubilación para as mulleres redeiras e o recoñecemento das enfermidades profesionais, así como a valoración do establecemento de incentivos para a contratación de mulleres a bordo, o destino de máis recursos para o fomento do seu asociacionismo e adopción de medidas para favorecer a súa igualdade salarial”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 6.03.2018- pola conselleira do mar ao darlle resposta á pregunta 26960 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/05/2018 17:29:15



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29011**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela e, sobre **“as razóns dos requisitos e límites establecidos na Resolución de Portos de Galicia do 26 de setembro de 2017, para a autorización da ocupación das zonas portuarias para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas, así como a valoración polo Goberno galego respecto das súas repercusións”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 29014 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/05/2018 17:29:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29401**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, obre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución, no ano 2018, das actuacións necesarias para substituír o tipo de firme na estrada autonómica AC-110 ao seu paso polo lugar da Panda, no concello de Moeche e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa AC-110, a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, no marco de desenvolvemento do Plan de Reforzos de Firme, vén de adjudicar a actuación ‘Reforzo de firme localizado nas estradas AC-100, AC-102, AC-110, AC-116, AC-566, AC-861 e AC-862, entre outras’.

No que respecta ao tramo concreto da AC-110 que se menciona na iniciativa, a data de hoxe considérase que o seu firme se atopa nun estado adecuado. Non obstante, nas próximas datas está previsto realizar unha análise da adherencia do firme en distintas estradas da provincia, análise na que está incluído este tramo. En función dos resultados que se obteñan, actuarase de ser necesario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/05/2018 9:07:38



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **29756**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopan o sector galego do teatro e o Centro Dramático Galego, así como as actuación previstas para atender as demandas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 23.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 30121 e na sesión da Comisión 4ª do 24.05.2018 ao contestar á pregunta 30022, ambas as dúas sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/05/2018 13:52:07



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29851**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da garantía do stock de polbo mediante o establecemento de só unha veda de mes e medio para esa especie e as súas razóns para non establecer unha veda totalmente subvencionada co fin de evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 30382 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:09:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29940**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, obre **“o número pacientes de infarto que recibiron un tratamento de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018, así como o número dos que foron trasladados desde ese hospital ou desde calquera outro dos servizos sanitarios da provincia de Lugo ao Hospital Universitario da Coruña nese período”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de pacientes con diagnóstico de síndrome coronaria aguda con elevación do segmento ST (SCACEST) que recibiron tratamento de angioplastia primaria na sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo é o que se indica a continuación:

	HULA
2015	19
2016	29
2017	25
TOTAL	69

Facer constar que:

-Regaliam empezou a súa actividade o 1 de xuño de 2015, polo tanto os datos referidos ao ano 2015 corresponden aos meses de xuño a decembro.

-En relación aos datos do 2017, estes corresponden aos meses de xaneiro a setembro que son os que están validados a data de hoxe.

Por outra parte, o número de pacientes que sufriron un infarto na área de Lugo e foron trasladados ao Hospital Universitario da Coruña nos anos 2015, 2016 e 2017 foi o que se indica na seguinte táboa:

	CHUAC
2015	58
2016	79
2017	66
TOTAL	203

Cómpre indicar que ademais de realización da anxioplastia primaria a pacientes con SCACEST, reflectidos na táboa previa, na sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo realízanse numerosos procedementos terapéuticos distintos, como son os de electrofisioloxía, extracción de corpo estrano intravascular, inserción de balón intraaortico de contrapulsación, anxioplastias en arterias periféricas e renais, entre outros.

A decisión da derivación dos pacientes con infarto á sala de hemodinámica é xestionada pola FPUSG-061, que selecciona a ambulancia máis adecuada para realizar o traslado do paciente desde o lugar do infarto á Unidade de Hemodinámica máis próxima. Esta avaliación da dispoñibilidade de ambulancias na contorna, e a análise do tempo de traslado ao Servizo de Hemodiálise máis adecuado, é unha función inherente á xestión realizada polo 061. Non existe unha norma fixa neste sentido, unha vez que o recurso máis adecuado é consecuencia dunha análise profunda de cada situación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 17:39:35

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30024**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa situación e a actividade do Centro Dramático Galego, as razóns da realización da produción "Divinas Palabras" por unha empresa privada e as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación na xestión dese centro, así como a apertura dunha mesa de diálogo cos representantes de todos os sectores teatrais para adoptar as medidas necesarias co fin de impulsalo”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia tanto en resposta á pregunta 30022 na comisión 4ª do 24 de maio de 2018, como no Pleno do 23 de maio de 2018, a través da resposta do conselleiro á pregunta 30121”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/05/2018 13:51:18



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30029**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa resposta das confrarías e organizacións sindicais á proposta da Consellería do Mar referida á cesión ás confrarías da xestión dos espazos de explotación marisqueira, así como a proposta de parte das confrarías da ría de Arousa relativa á xestión deses espazos e á actuación que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 16.02.2018- ao darlle resposta á pregunta 23330 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/05/2018 17:28:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30069**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para o impulso, en coordinación co Concello da Coruña diante do Goberno central, da transformación portuaria e urbanística da cidade, mediante a constitución dun consorcio público que lidere ese reto”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 8.05.2018- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 30240 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:09:10



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30091**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, a garantía da participación da veciñanza de Reza na súa elaboración, así como o orzamento previsto para indemnizar ás persoas afectadas polas expropiacións e as modificacións que vai introducir na súa actual redacción”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas, en resposta á pregunta oral en Comisión número 30090, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 30 de maio de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:08:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30112**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da execución do proxecto de saneamento da parroquia de Lariño, no concello de Carnota, redactado no ano 2010 ou, se é o caso, as súas intencións referidas á realización das obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais, de xeito complementario as actuacións promovidas polo Concello”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 30.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 30114 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:08:14



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30150**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 22.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 30149 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:14:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30181**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, obre **“os datos referidos aos proxectos inseridos no programa de revalorización do itinerario dos camiños portugueses nas dúas rutas que entran na provincia de Pontevedra dende a fronteira con Portugal, anunciados polo Goberno galego para o ano 2018 no marco do Plan director do Camiño de Santiago”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Galicia celebrou o seu último Xacobeo no ano 2010, unha cita moi recordada e que bateu todos os récords arredor do Camiño de Santiago. Co peche da Porta Santa ao final dese Ano Santo, comezou un longo período, no que aínda nos atopamos, de once anos sen ningún xacobeo.

Once anos son moitos, e para que as cousas saian como é debido, é preciso preparalas con tempo. Por iso, no ecuador deses once anos, no 2015, decidimos comezar a preparar o próximo Xacobeo 2021.

Por iso, en setembro do ano 2015, aínda na anterior lexislatura, a Xunta aprobou o Plan director do Camiño de Santiago. É un plan con oito liñas estratéxicas que traballan de xeito simultáneo en todos os eidos: desde a coordinación entre as institucións implicadas na ruta xacobeá á preservación e potenciación dos seus valores patrimoniais; desde as tarefas de conservación e mantemento ao impulso da sustentabilidade.

O pasado 12 de febreiro a directora de Turismo de Galicia, acompañada polos delegados territoriais da Xunta na Coruña e en Vigo, presentou o proxecto de actuacións previstas para este ano no Camiño Portugués aos representantes dos concellos polos que discorre este itinerario xacobeo que entra en Galicia por Tui e percorre outros 17 municipios das provincias de Pontevedra e da Coruña.

O proxecto para esta ruta conta cun investimento superior aos 2 millóns de euros, que se destinarán a revitalizar, promover e poñer en valor esta ruta xacobeá cumprindo así o cronograma previsto polo Plan director do Camiño de Santiago, que avanza en oito liñas estratéxicas simultáneas desde hai máis de dous anos coa vista posta na celebración do Xacobeo 2021.

Ao abeiro deste plan, Turismo de Galicia centra os seus investimentos en diferentes rutas cada ano. Así, e tras ter actuado xa en cinco delas, o Camiño Francés, o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo, o Camiño Inglés e o Camiño de Fisterra Muxía -no que se están a executar varios traballos-, Turismo de Galicia dedica este ano ao Camiño Portugués e ao Camiño Portugués da Costa.

Tal e como reza no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, o proxecto para levar a cabo estas accións leva por nome 'Proxecto de construción de sinalización e mellora do Camiño Portugués, interior e da costa. Cofinanciado polo FEDER (80%) no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, no obxectivo específico 6.3.2.' cun importe de 2.012.000,11 € sen IVE engadido.

Na actualidade está en fase de licitación á espera de que sexa adxudicado.

Nos próximos anos seguirá o mesmo protocolo co resto de itinerarios oficiais existentes para contribuír á súa dinamización e para que todos estean nas mellores condicións antes do Xacobeo 2021."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 18:08:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30309**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino ESSURE polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está en contacto coa plataforma de afectadas para coñecer de primeira man as súas inquietudes co fin de dar a mellor resposta ás súas necesidades.

Todos os servizos de xinecoloxía do Servizo Galego de Saúde poden atender a estas mulleres e realizar a intervención, de ser clinicamente indicada, como así se está a facer na actualidade.

Existe un protocolo de consenso da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia como referencia. No ámbito do Sergas un grupo de expertos elaborará un protocolo propio.

O Sergas dispón de medios humanos suficientes tanto en atención primaria, como en atención hospitalaria (servizos de xinecoloxía, anatomía patolóxica e radiodiagnóstico), para prestar atención sanitaria a estas afectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 18:08:08



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30342**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada durante todo o ano, así como o aumento da atención pediátrica e a cobertura das carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Punto de Atención Continuada de Baltar, en Portonovo, no concello de Sanxenxo”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A xestión dos recursos asistenciais das urxencias-ambulancias é competencia do 061, sendo este órgano quen, tras os oportunos estudos (actividade, isócronas, etc...) determina as necesidades de cada área e propón e, no seu caso, dispón dos medios para dar un servizo de calidade e atender as necesidades detectadas.

Como é sabido no período estival (xullo e agosto) o 061 de Galicia conta as 24 horas cunha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado no Centro de Saúde de Baltar situado entre as localidades de Sanxenxo e Portonovo, precisamente, para dar cobertura ao incremento da actividade que se produce na área no período mencionado.

Ningún PAC está dotado de pediatra para urxencias nin nesta área nin en ningunha outra área sanitaria, toda vez que as urxencias pediátricas de toda a EOXI atópanse no Hospital Provincial, dotado dos medios e profesionais máis adecuados para atender a toda poboación infantil da área.

En canto á atención pediátrica ordinaria no Centro de Saúde de Baltar, é prestada por dous facultativos cun número de TIS asignados similar aos de outros centros de saúde da área.

A dotación do PAC de Baltar é moi similar á doutros concellos, ao igual que a dotación de recursos asistenciais manténdose dentro dos parámetros adecuados para garantir unha asistencia sanitaria de

calidade. Por outra parte resaltar que dito PAC se reforza con máis facultativos durante o período estival para adaptarse ao incremento de poboación e consecuentemente de actividade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:14:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30365**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da ANPA do CEIP A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ás melloras necesarias no centro”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 24.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 30366 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/05/2018 13:59:41



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30418**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as estimacións da Xunta de Galicia referidas á contía que perden as universidades galegas pola conxelación das taxas académicas das titulacións de graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes, as súas previsións respecto da súa compensación e o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 24.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 30453 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 11:14:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30448**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as decisións ou medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a conflictividade existente e garantir o correcto funcionamento da Confraría de Pescadores de Carril, así como a súa valoración respecto da situación que se está a vivir nela”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de Maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 30447 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:07:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30454**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o procedemento seguido polo Goberno galego para comunicarlle ás universidades á súa intención de conxelar as taxas universitarias e de reducir o prezo das matrículas dos mestrados, a avaliación das súas repercusións para elas e as súas previsións respecto da compensación das carencias orzamentarias que veñen padecendo desde o inicio da crise, así como a data de inicio das conversas para negociación do novo plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 24.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 30453 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 11:14:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30474**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o protocolo de actuación asinado entre Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do borde litoral da cidade da Coruña, as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha actuación con fin de evitar os usos especulativos dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, así como a súa opinión respecto da venda polo Goberno central ou devolución á cidade da Coruña dos terreos da Solaina e do Hotel Finisterre”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 8.05.2018- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 30240 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:07:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30486**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os informes da Comisión mixta de seguimento referidos á prestación de servizos pola empresa concesionaria no novo Hospital de Vigo, o papel que está a desenvolver ao respecto a persoa representante da Xunta de Galicia no consello de administración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral relacionado coas bolsas de roupa sucia”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade de recollida da roupa do Hospital Público Álvaro Cunqueiro estase a realizar con normalidade.

O feito de encomendar a tarefa de trasladar a roupa sucia ás TCAES non é unha decisión arbitraria da Dirección, senón que esta actividade estase a realizar noutros centros hospitalarios por este colectivo, e está apoiada por abundante xurisprudencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 18:08:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30509**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, obre **“o coñecemento polo Goberno galego dos problemas sinalados polo colectivo de mulleres afectadas polo uso do dispositivo intrauterino Essure, a existencia no Sergas dalgunha unidade de referencia e dalgún protocolo para o seu tratamento e atención, así como dos medios humanos e materiais necesarios para ese fin”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está en contacto coa plataforma de afectadas para coñecer de primeira man as súas inquietudes co fin de dar a mellor resposta ás súas necesidades.

Todos os servizos de xinecoloxía do Servizo Galego de Saúde poden atender a estas mulleres e realizar a intervención, de ser clinicamente indicada, como así se está a facer na actualidade.

Existe un protocolo de consenso da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia como referencia. No ámbito do Sergas un grupo de expertos elaborará un protocolo propio.

O Sergas dispón de medios humanos suficientes tanto en atención primaria, como en atención hospitalaria (servizos de xinecoloxía, anatomía patolóxica e radiodiagnóstico), para prestar atención sanitaria a estas afectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 18:07:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30522**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación dos informes recibidos polo Sergas respecto do problema detectado nos contenedores que transportan o instrumental cirúrxico esterilizado nos hospitais de Vigo, así como as medidas previstas para resolver a situación”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os informes técnicos elaborados polas empresas proveedoras conclúen que o proceso de oxidación acelerado do aluminio dos contenedores produciuse por unha combinación de factores químicos e temperatura como a tipoloxía e concentración dos deterxentes empregados no lavado, a tipoloxía e a temperatura da auga utilizadas, o humectante/desincrustante e os aceleradores de secado, concorrentes no procesamento de esterilización. Confírmase así o primeiro diagnóstico realizado polo servizo de Medicina Preventiva.

Completada a avaliación dos contenedores afectados, procedeuse á retirada provisional daqueles cun maior nivel de oxidación. O resto foron sometidos a varios ciclos consecutivos de esterilización con vapor, segundo as recomendacións dos técnicos. Ademais, téñense adquirido 218 cubetas novas con carácter urxente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 17:37:22



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30593**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Pontevedra, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo en resposta á pregunta oral en Comisión número 30592, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 30 de maio de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:07:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30694**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de paralizar o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 - 3+780, correspondente á clave OU/16/270.06, para procurar un consenso social a prol dunha alternativa mellor para ese treito, as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto e as súas razóns para non incluír nel unha planificación integral da mellora da seguridade viaria na zona”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 30692, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 30 de maio de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:07:21



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30721**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para defender o dereito dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese Estado unha pensión de xubilación”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25.05.2018 ao darlle resposta á pregunta 30722 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:07:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30772**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, obre “**o procedemento que se está a seguir para materializar o pagamento ao persoal estatutario do Sergas das percepcións recoñecidas no artigo 6º da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, as razóns da demora existente no seu libramento e o prazo previsto para resolver esta situación**”, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde, logo da publicación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2018, conta co amparo normativo necesario que permite a retribución da atención continuada, gardas ou concepto equivalente cando exista prestación efectiva de servizos, de acordo co establecido no artigo 6 da citada Lei que prevé a retribución nos seguintes termos:

‘O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, durante as situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, percibirá, en concepto de mellora da prestación, as retribucións que correspondan ata acadar a totalidade das retribucións básicas e complementarias de carácter fixo.

Así mesmo, percibirá a media das retribucións variables aboadas no ano anterior ao mes en que dese comezo a correspondente situación, en concepto de atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos.

O disposto neste precepto será tamén de aplicación durante todo o período de duración dos permisos de maternidade e paternidade previstos na lexislación autonómica aplicable aos empregados públicos’.

Cómpre ter en conta que desde a entrada en vigor desta modificación legislativa, a todo o persoal do Servizo Galego de Saúde en ditas situacións, recoñeceselle o dereito a percibir as mencionadas retribucións. Esta medida afecta a todas as categorías, a todos aqueles profesionais que realicen atención continuada.

Os profesionais nas situacións contempladas no artigo 6 da Lei 9/2017, xeran o dereito a percibir o promedio das retribucións variables aboadas no ano anterior ao mes en que dese comenzo a correspondente situación, en concepto de atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos.

Este promedio percíbese mes a mes, e no presente mes de maio, van recibir ditas retribucións en torno a 400 profesionais, procedéndose á liquidación das contías xeradas desde a aprobación da Lei.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 17:37:07



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30840**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do Servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Garantir a calidade da prestación sanitaria pediátrica nos Servizos de Atención Primaria contéplase como prioritaria. Non obstante é primordial poñer de manifesto que non existen especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados (feito que é facilmente comprobable en organismos oficiais, asociacións profesionais, listas de contratación, etc.) o que dificulta a cobertura do cadro de persoal desta categoría nas súas ausencias regulamentarias e situacións de incapacidade temporal, este déficit de pediatras dificulta máis, se cabe, a cobertura nas zonas rurais e sobre todo as que cobren varias localidades.

O Servizo de atención primaria de Burela, conta con dúas pediatras. Unha delas é titular en situación de excedencia por coidado de fillos desde o 21/09/2017 e a súa cobertura foi asumida por outra médico de familia en posto de pediatría, que estivo en situación de Incapacidade Temporal desde o 25/09/2017 ata o 13/02/2018 e que seguidamente solicitou o permiso por maternidade que finaliza o 10/08/2018. A cobertura destes permisos é asumida por un profesional dous días a semana, dada escasez de profesionais que poidan asumir a consulta de pediatría nesta area sanitaria.

De xeito xeral esta Área Sanitaria, planifica, na medida do posible, os permisos regulamentarios e situacións de incapacidade temporal dos profesionais dos Centros Asistenciais do seu ámbito, de tal xeito que non supoñan unha merma da calidade asistencial. Por mor desta falta de dispoñibilidade material de pediatras en situación de desemprego, estanse a realizar importantes esforzos para manter de xeito continuado a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención

Primaria. As ausencias dos profesionais e as súas substitucións estanse a valorar no conxunto da Área, utilizando os recursos dos que se dispoñen en aqueles servizos onde son mais necesarios, sendo Burela un dos servizos prioritarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:06:54

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30972**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, obre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Mantense o diálogo coa comisión de docencia, titores, residentes e representantes sindicais, na procura de chegar a un consenso, partindo da base que a Dirección non se trasladará do seu actual emprazamento provisional, ata que remate o Plan Director, polo que, nos próximos meses, priorizando sempre ás necesidades do paciente e súa atención, será preciso reubicar temporalmente distintos servizos e persoal.

O novo emprazamento é provisional, xa que hai que lembrar que o Hospital está inmerso nun plan director que permitirá a reforma integral das áreas de hospitalización e consultas do Cristal, proxectada e prevista nos próximos meses.

O motivo principal do cambio foi deixar libre o espazo ocupado por parte da administración do centro, na terceira planta do Cristal, para habilitar o novo Hospital de Día de Neumoloxía, obras que se iniciarán inmediatamente, prioritarias e que levan planificadas meses. O traslado á quinta planta, nun área que nunca estivo prevista para a actividade asistencial, ou cirúrxica, permite reunificar estes servizos administrativos e reubicar, fora dun espazo de oficina, os seis cuartos de garda que quedaban nesta área. Destes seis dormitorios pasaron a nove

habitacións, ocupadas por pacientes, ata o seu traslado ao novo edificio de hospitalización, e que acaban de ser adaptadas e pintadas, nun área próxima á asistencial. En ningún caso aumentáronse os despachos destinados a dirección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 17:36:53

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31000**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, obre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade de recollida da roupa do Hospital Público Álvaro Cunqueiro estase a realizar con normalidade.

O feito de encomendar a tarefa de trasladar a roupa sucia ás TCAES non é unha decisión arbitraria da Dirección, senón que esta actividade estase a realizar noutros centros hospitalarios por este colectivo, e está apoiada por abundante xurisprudencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2018 17:36:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31014**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación real do stock do polbo e a súa estimación ao respecto ao remate da veda, a fundamentación da decisión de establecer un período de mes e medio para esta, así como a valoración da posibilidade de facer unha parada biolóxica de maior duración”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 30382 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b4ca87e0-9a45-45b4-e914-8af3a9583285



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2018 10:06:15



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727